



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

O artigo 48 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de 26 de novembro, modificada pola lei 4/99 de 13 de xaneiro, dispón que cando o último día dun prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Na Universidade de Vigo a Xunta de Goberno aprobou en data 22 de febreiro de 1996 a supresión dos sábados como día de Rexistro na universidade, polo que todas as convocatorias desta nas que o prazo de presentación de documentos finaliza un sábado pasa ao día seguinte hábil.

Tendo en conta que tanto os sábados como outros días que son inhábiles na universidade permanecen pechados os centros así como o rexistro xeral, esta Reitoría acorda ditar a seguinte

## RESOLUCIÓN

En todas as convocatorias da Universidade de Vigo deberá facerse constar que *se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da lei 30/92.*



Vigo, 16 de novembro de 2005  
O REITOR

Domingo Docampo Amoedo

Excmos. Sres. Vicerreitores  
Ilma. Secretaria Xeral  
Ilmo. Sr. Xerente  
Ilmos. Sres. Decanos e Directores de Centros e Departamentos  
Sres. Directores de Área e Servizos  
Sres. Xefes de Servizo  
Sres. Administradores de Centros e Campus  
Sra. Xefa do Negociado de Información